



COIDA O MEDIO AMBIENTE

**Podes descargar este caderno en versión dixital desde a web do
noso centro**

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribadeo/?q=node/160>

ou directamente de ISSUU

http://issuu.com/bibliotecaiesribadeo/docs/25_n

25 novembro

muller



IES DE RIBADEO DIONISIO GAMALLO

Equipo de dinamización lingüística

Equipo de biblioteca

Departamento de lingua galega e literatura

25 – novembro – 2014

Día internacional contra a violencia de xénero

dano que queda



O amor foi
un trallazo moi forte
que rompeu a ventá.
E quedou rota
para sempre. Eu limpei
do chan
os cristais. Corteime
con eles
en tódolos dedos

LUPE GÓMEZ

consideración

Hoxe estabas triste. Ó primeiro
pensei se terías gana de mexar, e por
iso saquei o acivro da túa boca e
desatei as correas. Logo andei ós
poucos; arrastrándote a través do
cuarto ata chegar á porta que dá ás
dunas. Dende alí pódense ver os
cangrexos afoegar na auga e como as
gaivotas baixan en picado a comer
nelas. É un espectáculo precioso; o
mar, o ceo gris e todo ese areal
inmenso ateigado de plumas brancas
e cascas vermellas a medio soterrar.

E todo para ti.
Para que mexes contenta.

ESTEVO CREUS



predestinación



“maría”

maría ten alma peitos e trenza de apache
e sete fillos e un home e a casa e o agro
maría xoga a vida coas cartas marcadas
un mandil de ferro
varices azuis
a tele rosa
(femíneos destinos)
maría son a tribo das fortes sen rival
a raza das rosas altivas de corcoesto
as que cosen roupa clandestina para as fábricas
as que limpan o colexio a oficina e o despacho
as que maquillan a cara contra os puños do home

CARLOS NEGRO

vinganza



Non coidarei xa os rosales
que teño seus, nin os pombos:
que sequen, como eu me seco;
que morran, como eu morro.

ROSALÍA

lapidadas



Lapidadas

Como ovellas que van ao matadeiro
camiñades a serdes lapidadas
en reas, silenciosas e humilladas,
baixo a mirada atenta do carneiro.


Que o voso sangue sexa o derradeiro
a mollar esas terras magoadas
polo integrismo cruel, polas brigadas
dunha fe que vos nega todo abeiro.

Maldita sexa a man que tira a pedra!
Maldito na semente e no futuro
o nome dos que erguen ese muro

sobre peitos que alentan! Sexa a hedra
nai piadosa a cubrilas, nai que medra
a reclamar a vida en berro puro!

MARICA CAMPO

tanta enfermidade...



CARRETERA ERÓTICA

[...]

E despois de tanta curva
había un hospital e un home
dúas veces enfermo.

El pregunta: te obligan a hablar en gallego?
Non señor.

El aconsella: pues perdona pero
así no vas a ningún sitio.

A muller
contesta huraña: Vou si...

E con humor. De momento...
vouno levar a vostede á sala de raios.

XIANA ARIAS

tempo de non calar



máis que un poema

insubmisión
pour femme

CHUS PATO

tiranía da estética



Houbo unha época
en que as vellas
só levaban esas saias feitas con cartabón.
Houbo unha época,
tamén,
en que as vellas romperon saias
en pantalóns,
ou en saias
ou en biquinis,
ou en calquera cousa
que nunca puideran lucir.
Con estes pecaminosos corpos
os nosos
que non sei nin sequera
como nos atrevemos a ensinalos,
fillas de satán,
por ter tetas e curvas
e estar fartas de andar sempre
no cúmulo das incomodidades.
Fóra o control.
Grazas a tódalas vellas.

MARÍA REIMÓNDEZ

autoculpabilización



“...da muller que foxe dos peitos”

Teño mentiras amarradas á traquea
por iso cuspo en intentos de anorexia.
Teño unha bala proxectada no peito
e bótasme sal na ferida aberta.
Teño medo de que non saibas coser
con teas de viúva negra o meu corpo.
Teño o embigo medrado de medo
para alugarte mellor, se vés de roxo.
Teño cogomelos de pan no útero
teño queixo con furadiños nos pulmóns
teño chúcaros insomnes entre as costelas
teño un virus publicitario na autoestima
teño instintos que me psicanalizan
teño sorte...de que me teñas.

MARÍA LADO

amores que matan



Quérote como aquel home
que matou
a un veciño
por un marco

RAÚL GÓMEZ PATO

prevención



Gostaba de matar poetas namorados
para salvar princesas

XAVIER CORDAL

solidariedade



[...]

son a aldraxada, a violada, a vexada, a
pura, a infeliz, a apreixada entre gadoupas
brancas.

Son
unha muller.

LUCÍA NOVÁS

dereito irrenunciable



Ninguén
me prohibirá nunca
estar sóa

LUPE GÓMEZ

tiranía do tempo



Viqui Veiguela

O espello dime que xa non
son Alicia.
O tempo pesa.
E do cristal xa só xorde
a miña faciana estragada
polos bicos sen desexo.
Indefino os meus beizos
nunha nódoa roiba con
aristas.
Xa vai tanto que os peitos
aprenderon
a respectar a Newton.
A pube xa non é un corvo
que aniña nas miñas coxas!
xa non me canta o poeta.

VIQUI VEIGUELA

tiranía da beleza



A beleza é un pechado círculo, un vicio escuro, un remorso.
Como unha impostura en cuxa defensa se me vai a vida. A
consciencia da usura. A necesidade de sentirme fraude.

YOLANDA CASTAÑO

muller traballadora



Televisión

[...]

A miña nai,
boqueando despois de fregar as oficinas do Fénix Español,
puña as zapatillas,
sentábase no sofá
suspiraba fondamente
e cambiaba á primeira cadea.
Anda, pasmón, sae á rúa e espabila.

Apareceu o Empire State
e a miña vella dixo con tenrura:
Pobre da que teña que fregar todo iso.

MANUEL RIVAS